

novas CTNL

Deseño e implementación de campañas de normalización lingüística

Este curso, realizado ó longo dos días 22, 23 e 29 de xuño de 2001, afondou nas campañas de normalización como intervención sociolingüística.

En xeral as campañas de normalización lingüística pretenden a modificación das actitudes e usos en favor da lingua galega. Para isto os axentes normalizadores desenvolven accións que teñen como obxectivo xenérico o fomento do uso do galego, sen que dispoñan, as máis das veces, de coñecementos, destrezas, nin ferramentas adecuadas.

Programa:

1. Filosofía de actuación.

- Tipos de accións normalizadoras e as súas filosofías de fondo.
- A Campaña como proceso.
- O proceso da campaña como activación social normalizadora.
- Xeración de redes.

2. Determinación de Obxectivos.

- A diagnose previa e a detección de necesidades e posibilidades de actuación.
- A definición do marco da campaña: identificación de destinatarios, axentes implicados, entidades mediadoras, estimación de receptividade, etc.
- A definición de obxectivos.
- A definición de ideas forza para a campaña.
- A definición de procedementos e indicadores de avaliación.

3. Análise dos recursos dispoñibles.

- Análise organizativo.
- Orzamento.
- Recursos humanos e organigrama de traballo.
- Coordinación con entidades e institucións mediadoras.

4. Desenvolvemento do proceso.

- Implicación das entidades mediadoras.
- Incorporación da poboación obxecto da campaña.
- Deseño das estratexias comunicativas da Campaña —p.e. selección dos soportes (que pode implicar a deseñadores gráficos, informáticos, lingüistas, etc), utilización dos medios de comunicación, ditribución de tarefas no desenvolvemento—.
- Grupo Operativo de Traballo: esquema de dinamización.
- Seguimento do proceso e problemas máis frecuentes na implementación

5. Avaliación.

- Avaliación de resultados (cualitativa cos actores do proceso, cuantitativa sobre

Deseño e Implementación de Campañas de Normalización Lingüística



22, 23 e 29 de xuño de 2001
Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua

Asemblea xeral

O pasado día 3 de marzo de 2001 tivo lugar a asemblea xeral ordinaria da CTNL na que había que elixir unha nova directiva, decidir o programa de actividades que se ían realizar durante o ano, á parte de facer un resumo das organizadas o ano pasado. Arredor das 11.25 horas da mañá comezamos na aula 1 da Facultade de Filoloxía, o grupo de asistentes era reducido unha vez máis: 16 persoas.... O presidente comezou por resumir as tarefas levadas a cabo pola entidade durante o ano 2000, das que xa tivestes noticias nalgunha ocasión:

- Curso de técnicas de negociación e mediación social.
- Curso de axentes normalizadores e administracións públicas
- Curso básico de introducción ó uso da Internet nos SNL/SL
- Diversos escritos e notas de prensa en relación con sucesos ocorridos no eido da normalización da lingua, etc...
- Edición e distribución do boletín informativo "Novas CTNL" nº 9 e 10...

Cando se tratou o estado de contas, falouse da domiciliación das cotas de socio, que cada un pode realizar enviándonos a súa autorización co seu nº de conta do banco correspondente, puidemos ver o balance de maiores gastos (cursos, impresión do boletín...) e menores ingresos (os socios non acaban de poñer as cotas ó día, á parte de non ter percibido aínda a subvención da DXPL correspondente ó ano 2000...): polo tanto o orzamento do que podemos dispoñer para o ano 2001 non nos deixa practicamente movernos: pagar a posta en marcha da páxina web, realizar outros cursos, ...

No tocante á elección dos novos cargos da xunta directiva, non se presentou unha candidatura alternativa, polo tanto optouse pola substitución dalgúns membros máis antigos ou que por distintas causas desexaban ser relevados, para establecer un sistema de rotacións e que ano a ano vaian saíndo as persoas que xa levan tempo traballando para darlle oportunidade a persoal novo que estea interesado en achegar aire fresco e novas ideas. Deste xeito, resulta que saen da antiga directiva: Xulio C. Álvarez Docampo, Pilar Pérez Faxil e Susana Mayo Redondo e forman parte da nova directiva como vocais: Miguel Vilarinho Torres (SNL Concello de Vila de Cruces), Celsa García Freire (SNL Concello de Arzúa) e Olga Patiño Abeixón (Mesa pola Normalización Lingüística).

No punto de actividades para levar a cabo durante o ano 2000, propóñense:

- 1.- Cursos, apróbase o seguinte plan de formación para organizar este ano pola CTNL:
 - Deseño, programación e avaliación de campañas lingüísticas.
 - Tradución, dúbidas e erros lingüísticos.
 - Sesión informativa sobre acordo de unificación da norma. En colaboración con outras entidades (propostas):
 - Terminoloxía II (co Termigal).
- 2.- Remate, mantemento e actualización da páxina web da CTNL.
- 3.- Estudo, informe-valoración da situación sociolaboral do técnico de NL en Galicia.

Ademais retomáronse cuestións como as publicacións dos materiais dos cursos, recolla de lecturas básicas de sociolingüística para desempeñar o noso traballo e posibilidade de colgalas na rede, por esta razón se creou definitivamente unha nova Comisión de Publicacións, da que forman parte: Xusto Rodríguez, Isabel Vaquero, Pilar P. Faxil e algún membro da actual xunta directiva.

Máis nada importante que destacar da asemblea, a non ser repetir que a asistencia do socios/as foi menor do que se esperaba, polo tanto reiterarvos que debedes acudir ás asembleas anuais, onde podedes opinar e propoñer ideas novas.



sumario

- Páx. 2** O SNL do Concello do Rosal
2º Congreso Europeo sobre Planificación Lingüística
Vocabulario Multilingüe de organismos acuáticos
Eliminación dos Servizos Lingüísticos nos Centros Comarcais
- Páx. 3** Web da Concellaría de Normalización Lingüística de Santiago de C.
VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias
Libro de receitas. Mercados de Vigo
- Páx. 4** Unhas Consideracións sobre o noso Colectivo Profesional
Correlingua 2001
Non Fiques coa Lingua de Fóra
- Páx. 5** Ferramentas Xerais da Lingua (Diccionario/ Corrector /Bemposto)
Un novo servizo no concello de Miño
- Páx. 6** Ordenanza municipal do concello de Melide
A Liturxia en Galego
Concellos
Novas instalacións: APLN e A Mesa
- Páx. 7** ¿Xogas?
Guía da lingua Galega. Centros e Servizos
Da periferia á rede. Internet en Galicia.
- Páx. 8** O proxecto Toponimia de Galicia
Curso Básico de introducción ó uso da Internet nos SNL/SL
Melloramos a comunicación. A CNTL na Rede

O SNL do concello do Rosal no ano 2000

O Servicio de Normalización Lingüística do Concello do Rosal vén funcionando desde hai catro anos de maneira inestable. Sen embargo, esta precariedade non evitou que o servizo evolucionase dun traballo exclusivamente de corrección e tradución cara a un labor máis dinamizador e relacionado con axentes sociais.

No ano 2000 o servizo funcionou durante pouco máis dun mes —a duración máis curta ata o de agora—. Á parte do labor habitual de tradución e asesoramento lingüístico e de xestión do material do SNL, neste mes realizáronse dúas campañas de dinamización moi diferentes: Carta ós Reis Magos e Cos meus mellores desexos, esta última en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística.

A “**Carta ós Reis Magos en galego**”, xa fora realizada o ano anterior con moito éxito entre as escolas unitarias do concello. Desta vez fíxose en colaboración co Colexio Rural Agrupado “María Zambrano” —de recente creación—, dúas aulas pertencentes ó Colexio Manuel Suárez, a Escola Unitaria do Couso e a Gardería Municipal, pois é onde están os/as nenos/as de entre 0 e 7 anos, destinatarios/as desta

campaña. En total foron 15 aulas espalladas por todo o municipio. A actividade realizouse en horario de clase e aproveitouse para pedirllas ós/as mestres/as que cubrisen unha ficha de valoración que incluía tamén algunhas preguntas sobre usos lingüísticos, tanto dos/as alumnos/as coma dos pais e das nais. Cos datos dela fixemos un pequeno estudio sociolingüístico sobre os usos dos/as rosaleiros/as desta marxe de idade. A campaña foi valorada moi positivamente por tódolos participantes e os/as ensinantes achegaron suxestións positivas para melloralas en próximas edicións.

Estas foron as campañas dinamizadoras que se realizaron en pouco máis dun mes. Non serían posibles sen a colaboración do Arquivo de Planificación e Dinamización Lingüística, que nos facilitou todo o material que precisamos para deseñala campaña de cartas ós Reis Magos, e da Mesa pola Normalización Lingüística, que nos puxo en bandexa unha campaña moi positiva que sería impensable para o SNL dun concello pequeno coma o noso.

Mª dos Anxos Sobriño Pérez

Eliminación dos servizos lingüísticos nos centros comarcais

A principios de ano, o noso colectivo de traballadores/as sufriu un serio revés, ó verse suprimidos os SL que viñan actuando nos centros comarcais. A directiva da CTNL, despois de manter durante meses diversos contactos coa DXPL e unha reunión informativa cos nosos socios afectados por esta medida, agardamos unha solución ó problema que non acababa de chegar. Foi por isto polo que a principios do mes de febreiro, a CTNL dirixiu o escrito que a continuación se transcribe á DXPL e á Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, manifestando a nosa postura diante da non renovación do convenio que a dirección xeral mantiña nos últimos anos coa Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.

Por medio do presente escrito, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) diríxese a vostede como responsable da Dirección Xeral de Política Lingüística e ó Director Xeral da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal, en relación á recente eliminación dos servizos lingüísticos que viñan desenvolvendo a súa actividade nos centros para o desenvolvemento comarcal.

Consideramos que co peche destes servizos, a actividade desenvólta ata o momento se trun-

ca sen ofrecer explicación ningunha e sen que aparentemente, para isto se fíxese ningún tipo de valoración técnica, ó tempo que non se ofrecen alternativas ó desmantelamento dunha rede de asesoramento e atención ó cidadán xa de por si reducida en nun estado moi precario.

A distribución e funcionamento destas unidades, distaba de ser a que nós considerabamos idónea para as necesidades que a situación sociolingüística de Galicia esixe; sen embargo pensamos que o ideal sería reorientar a súa función e actividade, coa tendencia a un modelo novo de servizos lingüísticos.

Dende a nosa Coordinadora, xa expresamos en diversas ocasións que dende o punto de vista técnico, faise cada vez máis necesario o establecemento dunha rede que coordine os servizos lingüísticos existentes así como outros de nova creación. En relación a isto, na CTNL temos unha proposta de redistribución dos servizos lingüísticos de Galicia, exposta e asumida nos II Encontros Pola Normalización Lingüística, organizados polo Consello da Cultura Galega en 1998 e que no seu día nós puxemos a disposición desa Dirección Xeral. Así pois, consideramos sería un bo momento para retomar este estudio e traballar sobre el

buscando unha mellor cobertura e aproveitamento de medios nun proceso de normalización lingüística que entre todos temos a obriga de poñer en marcha.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2001
O presidente da CTNL”

A Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, que contestou ó noso escrito, indicounos que “...a política lingüística de Galicia é responsabilidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da súa Dirección Xeral de Política Lingüística”.

A partires desta redacción elaboráronse notas de prensa que foron enviadas ós medios de comunicación, sen que ata o de agora haxa ningún tipo de proposta de revitalización destes servizos.

Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos

Este vocabulario, elaborado polo termigal, xorde ante a necesidade de enche-lo baleiro terminolóxico existente no eido das ciencias do mar. Construído cun propósito normalizador, consta dun total de 2.131 nomes de especies mariñas, seleccionadas seguindo criterios económicos e xeográficos a partir das máis de 8.000 posibilidades reais. O seu obxectivo é facilita-la comunicación dos profesionais do sector nos intercambios comerciais de carácter internacional.

Con esta fin, inclúense as denominacións en galego cos seus equivalentes en castelán, inglés, francés e portugués. O ordenamento das distintas especies faise mediante criterios sistemáticos, indicándose en cada caso o nivel taxonómico empregado en base á “Clasificación estatística internacional uniforme dos animais e plantas acuáticas” (CEIUAPA). Esta información, de carácter lingüístico e taxonómico, complétese con datos sobre as áreas xeográficas que constitúen o hábitat natural de cada organismo.

O volume finaliza con índices alfabéticos de tódolos organismos agrupados polo seu nome científico e pola súa denomi-



1. Presentación, Celso Currás Fernández, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
2. Introducción
3. Principais áreas de pesca para fins estatísticos
4. Clasificación Estatística Internacional Uniforme dos Animais e Plantas Acuáticas (CEIUAPA)
5. Nomenclatura de organismos acuáticos:
1. Peixes de auga doce
2. Peixes diádrómicos
3. Peixes mariños
4. Crustáceos
5. Moluscos
6. Baleas, leóns mariños e outros mamíferos acuáticos
7. Animais acuáticos diversos
8. Diversos produtos de animais acuáticos
9. Plantas acuáticas
10. Aves
6. Índices alfabéticos:
1. Nomes científicos
2. Nomes galegos
3. Nomes españois
4. Nomes franceses
5. Nomes ingleses
6. Nomes portugueses
7. Sistemática
Apéndice 1. Clasificación sistemática

2º Congreso europeo sobre planificación lingüística Andorra, 14, 15 e 16 de novembro de 2001

A Generalitat de Cataluña e o Goberno de Andorra organizan o 2º Congreso Europeo sobre planificación lingüística, que terá lugar os días 14, 15 e 16 de novembro de 2001 no Centro de Congresos e Exposicións de Andorra A Vella.

Esta cita quere ser unha reflexión profunda e rigorosa sobre a maneira de afrontarmos os cambios políticos, económicos e tecnolóxicos que nos está a ofrecer o novo milenio ante a rápida extensión das novas tecnoloxías; xa que os procesos de mundialización económica, cultural e social exercen unha influencia importante e cada día máis intensa sobre as linguas, independentemente da súa demografía ou do seu estatus oficial.

O congreso quere ser unha invitación para todas aquelas persoas que traballan no fomento e uso das linguas a participar nos debates que terán lugar á volta dos seguintes **eixos temáticos**:

- Os enfoques e os instrumentos de planificación lingüística: xerais, legais e sectoriais.
- Contribucións teóricas xerais sobre a planificación lingüística no marco do proceso de mundialización crecente.
- Experiencias concretas de dinamización e extensión do uso social das linguas.
- Avaliación dos procesos de normalización lingüística en función da relación entre o custo e efectividade das políticas lingüísticas aplicadas.
- O reto das novas tecnoloxías e a produción de recursos (socio)lingüísticos: creación de redes de recursos transnacionais e transdisciplinarios sobre investigación (socio)lingüística, intercambio de información, oferta de recursos, etc.

Amais das sesións, estruturadas en relatorios, comunicacións, mesas redondas e pósters, tamén se organizarán actividades complementarias como a exposición de materiais (carteis, vocabularios, proxectos, memorias e recursos didácticos); demostracións multimedia sobre webs, recursos (socio)lingüísticos sobre o corpus, o estatus e a didáctica das linguas; e a creación dunha plataforma pre-congresual na páxina web de NOVES SL. **Revista de Sociolingüística** <http://cultura.gencat.es/lengcat/noves>, onde a partir do 16 de xullo haberá diversa información sobre o evento.

Matrícula e inscricións: o prezo da inscrición no congreso é de 20.000 ptas. (15.000 para estudantes), se o pagamento for efectivo antes do 15 de xuño de 2001. Despois desta data e ata o 15 de setembro de 2001 (data improrrogable), o prezo da inscrición será de 25.000 ptas. (20.000 para estudantes).

O pagamento da matrícula dá dereito á asistencia ás sesións, ao material (carpeta, CD con extractos, textos, etc.), a actividades culturais e de recreo, e a unha cea de benvida.

Linguas de traballo: catalán, francés, inglés e castelán.

Para máis información:
Teléfono: 935 671 050
Fax: 935 671 001
dgplnovessl@correu.gencat.es

Web da Concellaría de Normalización Lingüística de Santiago de Compostela

OBXECTIVOS

- Ofrecer información sobre as actividades de normalización lingüística promovidas polo Concello de Santiago.
- Poñer en liña a dispor dos usuarios programas e formularios para facilitar o acceso a convocatorias, campañas, etc.
- Crear unha canle de manexo sinxelo para a comunicación da sociedade coa Concellaría de Normalización Lingüística.
- Contribuír á creación de contidos útiles e en galego na rede.

CONTIDOS

Portada

O saúdo, a nova de máis actualidade, o proxecto máis importante estarán presentes na primeira páxina en cada momento.

Seccións

Información sobre actividades distribuída en apartados aos que se accede desde a páxina principal. En cada unha destas seccións vanse presentando de maneira breve as propostas e poderase acceder á documentación complementaria para ampliar os datos, imprimir os formularios, acceder aos xogos, baixar os programas, etc.

Mocidade: Nesta sección inclúense programas dirixidos á poboación máis nova: os Obradoiros Máis alá!, o Correlingua... e máis que irán aparecendo.

Empresas: Programas e campañas dirixidas ao sector socioeconómico como é neste momento *Restaurantes de Compostela. Restaurantes en galego.*

Formación: Convocatorias de cursos e outras actividades formativas.

Premio Manuel Beiras: Espacio dedicado a informar sobre as distintas edicións deste premio para empresas polo seu uso da lingua,

coas bases, o formulario para presentar candidaturas, os datos sobre os premiados...

Outras: Onde podemos atopar ferramentas informáticas ou o estudo da situación da lingua galega en Santiago de Compostela.

Outros apartados da páxina

- **¿Quen somos?:** A presentación necesaria que resume toda a actividade e achega os datos para contactar por teléfono, por fax, por correo electrónico ou por correo ordinario, mesmo cun mapa para non se perder na cidade.
- **Consello:** A participación dos sectores sociais e das entidades que os representan ten o seu lugar na información sobre o Consello Municipal de Normalización Lingüística, do que se facilitan as actas e regulamentos.
- **Documentos.** Fondo xa amplo e ampliable en calquera momento no que atopar os textos regulamentarios, os convenios, as bases de convocatorias, os formularios...
- **Ligazóns:** Un cruzamento de camiños no que tirar para outras entidades e sitios relacionados coa lingua.
- **Histórico:** Informacions atrasadas recuperábeis en calquera momento e coa súa data de publicación.
- **Consultas:** O correo polo que achegar dúbidas, ideas, demandas, colaboracións, preguntas, queixas...

Características

- Actualización da información sinxela e autónoma que vai permitir incorporar de maneira inmediata as novidades.
- Integración na páxina principal do Concello de Santiago.
- Deseño coherente con outras páxinas municipais (Relacións Veciñais, Muller...).
- Navegación fácil a través de iconas simples que permanecen á vista en todas as seccións
- Especial relevancia da información sobre a



<http://www.santiagodecompostela.org/concello/snl/>

VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias

En novembro deste ano terá lugar en Santiago de Compostela a VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias. O organismo responsable da organización é a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL) e o tema desta edición da conferencia é Políticas Lingüísticas e Educativas na Europa Comunitaria. A seguir sinalamos algúns dos obxectivos que se pretenden:

Expoñer os principais problemas que afectan ás linguas minorizadas, en particular os relacionados coa ensinanza bilingüe.

Debater sobre os retos ós que se enfrontan as linguas minorizadas, especialmente no referido ó ensino.

Reflexionar sobre a importancia dos sistemas educativos nos procesos de transmisión e produción lingüística.

Reflexionar sobre o papel das novas tecnoloxías no futuro das linguas minorizadas.

Achegar propostas pedagóxicas e didácticas para o ensino multilingüe.

No programa intégranse, amais dos relatorios, mesas redondas..., comunicacións libres e exposicións de pósteres. Para estas dúas actividades pódense presentar propostas sobre os temas previstos na conferencia enviando, antes do 15 de xullo, a correspondente solicitude de inscrición, e, antes do 10 de setembro, un resumo á Secretaría Técnica onde, en 300 palabras, explicaremos

o tema principal e o contexto, a estrutura e a metodoloxía, os resultados ou conclusións e os puntos para o debate. Posteriormente comunicaranos as condicións e características para a presentación na conferencia.



Resumo do PROGRAMA:

NOVES 22 DE NOVEMBRO

As linguas minorizadas e a verdade da cultura europea (conferencia)

Simposios simultáneos:

As linguas minoritarias e as tecnoloxías da fala

A adquisición de segundas linguas nun contexto plurilingüe

Políticas lingüísticas e educativas no Estado español (mesa redonda)

Relatorios simultáneos:

Linguas minoritarias e minorizadas en USA

Terminoloxía e linguas minorizadas

Comunicacións libres

VENRES 23 DE NOVEMBRO

Pluralidade de linguas e unidade da linguaxe (conferencia)

Simposios simultáneos:

Problemática do ensino bilingüe e a súa avaliación

Problemas de hoxe no ensino da lingua galega

Libro de receitas. Mercados de Vigo.

Dentro do programa de galeguización dos mercados de Vigo, ao abeiro dun convenio de colaboración entre Xunta, Concello e Mercacevi, saíu á rúa a edición dun libro que achega as receitas que aportaron cidadáns e cidadás da cidade olívica.



Froito da colaboración entre A Mesa pola Normalización Lingüística e o SNL do Concello de Vigo estase a desenvolver un estudo detallado para saber cál é o grao de uso do galego nos comercios vigueses e posteriormente traxer accións que nos permitan acadar maiores porcentaxes do uso do galego.

Unhas consideracións sobre o noso colectivo profesional

Se algún perfil ten o traballador en normalización lingüística no noso país é o voluntarismo co que desenvolve o traballo. Isto non é nin deixa de ser bo. É unha característica que está aí e que, segundo parece, vai convivir connosco algún tempo máis. Por outra parte, a nosa profesión é tamén nova, e a súa xuventude fai que non existan aínda hoxe referencias de comportamento profesional. Unha e outra característica fan que non haxa aínda hoxe un código deontolóxico onde se recollan as pautas de comportamento profesional do noso colectivo.

A identificación do contorno profesional

Podemos comezar por identificar o contorno profesional. Pensemos por un intre nun profesional que traballe como técnico en actividades culturais nun concello. Como reaccionará este traballador se do concello do lado, ou desde unha asociación de veciños que non pertenza ao seu ámbito municipal se lle pide que deseñe unha programación cultural. Pensemos agora nun técnico en normalización lingüística ¿Terá as mesmas actitudes profesionais? Se cremos que non ¿onde están as razóns destas diferencias? Supoño que se poderían achegar moitas respostas todas elas acertadas. Eu vou apuntar tres: a primeira o carácter +voluntarista (que case sempre é complementario cun carácter —profesional) do normalizador; a segunda a relación sensible entre este (individuo concienciado) e o obxectivo do seu traballo (a lingua no seu aspecto social) e, por último, as carencias formativas do noso colectivo.

A coexistencia destas tres características dentro do perfil do normalizador provoca que o profesional procure a normalización do conxunto da sociedade galega no sitio de, como se supón, facelo a través do colectivo

ou da parte da sociedade que lle é competencia. Cómpre, a esta altura, identificar xa o contorno profesional. O primeiro que podemos dicir é que é variable e pode ser tan amplo como o país galego —poñamos por caso o Servizo Lingüístico da Xunta de Galicia— ou tan pequeno como un servizo que traballe no concello máis pequeno de Galicia. Polo tanto, o contorno de traballo do traballador en normalización lingüística será o mesmo có ámbito no que actúa a institución/organización para quen traballa. Identificado o contorno de traballo seranos fácil establecer quen son os usuarios potenciais dos nosos servizos: aquelas persoas que forman parte desas microsociedades que constitúen as empresas, institucións ou calquera tipo de organización nas que ese individuo se integre laboralmente. Nin máis nin menos.

Na busca da conciencia profesional

Por outra parte, é necesario afondar na busca da conciencia profesional. Un colectivo profesional necesita certas doses de corporativismo para se integrar ben no ámbito laboral. Ás veces, é ese feito de sentirse formante dun grupo é o que xunta traballadores que poden desenvolver tarefas, moi diferentes. O caso da normalización é un caso paradigmático disto último. Moitos de nós estamos a traballar a prol da normalización lingüística de moi diferentes maneiras: desde persoas que traballan en terminoloxía a outras que o fan na dinamización social. Necesítase, pois, a organización do colectivo ó redor dunha organización profesional que dea cobertura na formación e que saque ó profesional da normalización do illamento no que vive dentro do seu contorno laboral. A existencia da CTNL responde á necesidade formativa coa organización de cursos específicos, aínda

que deba traballar máis na cohesión dun colectivo que polo momento está só unido por relacións persoais.

É necesario, pois, a insistencia na busca da conciencia profesional. O normalizador carece aínda hoxe de conciencia de pertencer a un colectivo profesional. Unha das razóns disto é a persistente inestabilidade laboral da maioría dos traballadores que formamos o noso colectivo. Isto non axuda, evidentemente, a que o individuo se vexa integrado dentro dun grupo profesional.

Outra razón que non contribúe na consolidación conciencia de colectivo é a pouca tradición profesional que aínda hoxe ten o normalizador no noso país. Xa non tanto, pero aínda é certo que nalgúns casos o normalizador é un profesor de ensino secundario frustrado. Suponse que co paso do tempo a tradición profesional se vaia asentando e cre unha beta laboral no mercado de traballo que sexa referencia para estudantes que vexan na nosa profesión un lugar para integrarse laboralmente.

Por último, o normalizador convive coa idea de interinidade. Dun ou doutro xeito, os traballadores en normalización lingüística sabemos que a situación que ten hoxe a lingua non vai permanecer indefinidamente. A nosa profesión, que traballa sobre a vitalidade da lingua nun contorno social, ten dúas formas de desaparecer e unha de manterse. Entre as primeiras, unha é que o galego se consolide definitivamente como lingua vehicular da sociedade galega e a outra que o galego quede convertido nun resto arqueolóxico. Pola contra, a forma de manter a nosa profesión é que a situación sociolingüística do país sexa a mesma ou semellante a que temos na actualidade. Rafael Villar, nun interesantísimo artigo do primeiro número do

Cartafol, anunciaba xa a contradicción que neste sentido tiña a nosa profesión.

Os dous aspectos que tratamos aquí, a necesidade da identificación do contorno profesional e a busca da conciencia profesional, teñen a solución en que o noso colectivo dea xa os pasos para unha definitiva profesionalización. Isto supoñería, en primeiro lugar, seguir traballando na formación específica a través de cursos. Neles deberanse seguir dando cabida a aqueles aspectos menos vistos nos currículos académicos. En segundo lugar, debemos traballar na integración de todos os membros do noso colectivo na CTNL, este é o sitio onde o profesional non só deba encontrar formación curricular senón a necesaria conciencia grupal para integrarse profesionalmente nunha sociedade. Neste sentido, e como complemento á formación tradicional, poderíanse dispoñer de intercambios xestionados pola Coordinadora entre servizos dentro do noso contorno lingüístico e dar os pasos para crear bolsas para visitar servizos doutras realidades. Necesitamos, en definitiva, maior contacto entre nós; entre os que levamos máis tempo e os acabados de chegar. Só así poderemos vencer a soitude do normalizador no seu posto de traballo.

Pode ser que a partir de agora teñamos un pouco máis fácil este obxectivo coa posta en marcha do sitio web <www.ctnl.org>. Este terá que ser a plataforma onde se envorquen ideas e proxectos, un lugar de referencia para a nosa profesión e, sobre todo, un sitio onde o individuo atope as pautas de actuación e modelos profesionais que lle poidan servir de guía. Puidera ser que alguén pense que houbo algún compañeiro que nalgún momento estivo diante do mesmo problema. Velaí o camiño.

Correlingua 2001. NON FIQUES COA LINGUA DE FÓRA

"Somos a voz dos sen-voz, a vangarda dos que rexeitan usar falas prestadas para non ficaren orfos de pensamentos..."

Velaquí a nosa voz, resgatada do esquecemento, do encono, da insubmisión..."

Por que o pobo que carece de voz propia non ten nada que dicir nin que reclamar nin que esixir na asemblea dos pobos do mundo..."

Algúns tratan de convencernos de que a nosa lingua é incultura, é atraso e deshonor..."

Pero unha parte inmensa do pobo apercebese da dimensión imperialista do troco ao que o obrigan, e comprende que sen lingua de seu non poderá ter conciencia nin dignidade.

E ese pobo resiste todas as forzas contrarias e mantense no uso da lingua

propia; cinco longos séculos de insubmisión que son outros tantos enormes chanzos cara ao triunfo, velaí a forza deste patrimonio que augura un porvir luminoso e a anunciada alba de gloria..."

O futuro é noso, nós somos o futuro, e no futuro a lingua permanecerá nas nosas gorxas e no noso pensamento..."

Baixo a organización da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a Confederación Intersindical Galega-Ensino (CIG-Ensino) e Nova Escola Galega (NEG), conxuntamente coas Coordinadoras Comarcais de Equipos de Normalización Lingüística e en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística (MNL), os concellos de Cambre, Carral, Culleredo, Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo, a Deputación da



Coruña e asociacións culturais estas e outras palabras saíron ás nosas rúas e cidades na voz de máis de 5.000 rapazas e rapaces de Galiza que levaban o testemuño da lingua.

Un Correlingua Nacional no que todos manifestaban non querer ficar coa lingua de fóra. Caso especial supuxo Santiago de Compostela onde máis de 65 grupos de

escolares completaron a actividade realizando en días previos á carreira un xogo de rúa "Busca un tesouro Atopa a lingua". Convocouse aos escolares a saír á rúa, mirar que pasaba, buscar e topar a mensaxe visitando institucións, empresas e entidades diversas para ver o que e acontece co noso idioma ... e alí atoparon A NOSA LINGUA.

Ferramentas Xerais da Lingua

Gran Dicionario Xerais da Lingua

Nunha nova xeira na produción lexicográfica na que invisten e apostan tódalas editoriais xorden novos dicionarios como o *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (en diante *GDXL*) que reúne, xunta e compendia nun volume tódalas voces que se presentaban noutros dicionarios e corpus léxicos.

O *GDXL* é unha ferramenta que se complementa moi ben con outros instrumentos de uso no rutineiro quefacer como son os dicionarios de sinónimos.

É un bo aveño na labouira do emprego dunha lingua galega fiel ó galego dos nosos días moi demandado por todos aqueles usuarios que non tiñan acceso ó *Vocabulario Oficial da Lingua Galega*.

Para tódolos seus usuarios ha ser unha obra de eficaz consulta para lle satisfaca-la súa necesidade de empregar unha lingua esperada e chea de frescura, actual, xa que como di o seu prólogo: "se trata da reprodución lexicográfica do idioma estándar para o uso contemporáneo".

Nos comentarios que deste dicionario se fixeron hai que salienta-los referidos á carencia da etimoloxía, que só aparece nas definicións de acepcións científicas no curso da definición (en zooloxía, bioloxía, ergo prantas, animais, etc) pero que non aparece na entrada —de forma visualmente marcada—, de moita axuda en contextos como o

do ensino como tiña o anterior dicionario Xerais.

Como dicionario é unha das ferramentas xerais á que se lle pode tirar moito proveito.



O corrector lingüístico para Office 2000: 2.mil

Finalmente chegou o primeiro corrector para todo o paquete Office 2000. Realizado por Imaxin e Microsoft, coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística e do Instituto da lingua Galega, este software corrixe automaticamente texto en Outlook, Word, Access, Power Point e Excel (ata o momento o único que había era o Bemposto).

O software, baseado no Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega, ten unha rapidez de 46.000 palabras válidas por minuto, inclúe un módulo de correccións tipográfica e ortográfica e un hifenizador (ferramenta para colocar trazos ó final da liña), tamén contén dicionarios para a corrección textual e a detección de palabras repetidas, suxestións de plurais, dialectalismos, 700 abreviaturas, 1000 nomes e apelidos, 500 siglas e acrónimos, 1200 topónimos galegos, portugueses, españois e europeos.

O corrector aplícase ó novo Office XP, que incluírá de serie os autocorretores en galego, catalán, éuscaro e castelán. Os usuarios de Office 2000 poden aproveitar esta actualización chamada **2.mil** que, cunha mínima instalación, permite obter a mesma funcionalidade do incorporado a Office XP.

Esta ferramenta distribuírase gratuitamente nos centros de ensino e departamentos administrativos, tamén podemos baixala da web da DXPL:

(<http://www.xunta.es/conselle/ceoug/dxpl>)

Requisitos recomendados

Computador Pentium ou superior
Sistema Operativo : Windows 95, Windows 98 ou Windows NT
Office 2000

Descrición

Corrección de erros ortográficos e tipográficos
Corrector do paquete Office 2000: Microsoft Word, MS Access, MS Excel, MS Power Point e MS Outlook
Hifenizador: guionizador de documentos
Autocorrección de palabras por procedementos estatísticos
Dicionarios personalizados
Revisar ortografía mentres se escribe.
Activar/desactivar, suxerir sempre
Omitir palabras segundo características: en maiúsculas, con números...
Omitir arquivos e enderezos de Internet
Detección de palabras repetidas

Bemposto. O autocorrector galego Para Office

A Autocorrección é unha ferramenta do paquete de Microsoft Office, desde a súa versión 6.0, e está dispoñible en tódolos seus programas: Word, Access, Excel, Powerpoint, etc. Tamén atopamos esta utilidade noutros procesadores de textos como o WordPerfect, Wordstar, etc. De maneira resumida, consiste na substitución automática mentres se está a escribir dunha sucesión de caracteres incorrecta lingüisticamente por outra correcta.

O número máximo de entradas que se poden introducir na ferramenta de Office rolda as 32.000, sendo un impedimento importante á hora de incluí-la flexión verbal do galego.

Sen embargo, o Bemposto achega novidades e melloras importantes para o usuario en lingua galega.

Desde o punto de vista lingüístico, por unha banda, ofrece unha listaxe de 20.000 correspondencias flexionadas que se centra na corrección mentres se escribe de interferencias lingüísticas propias do galego, tanto de tipo léxico como morfolóxico ou ortográfico. Pola outra, achega á normal substitución automática por unha frase ou palabra

correcta (exs.: **abogado** => **avogado**, **en este** => **neste**, **dacolá** => **de acolá**, **en outro** => **noutro**) a escolla entre máis dun sinónimo correcto

(exs.: **abolladura***; ***abolladura1** => **croque/ abolladura2** => **crocadura**). Deste xeito, acádase unha necesaria e doada difusión do léxico galego correcto e mellórase a calidade lingüística do texto e os procesos de corrección posterior que se operen sobre el.

Desde o punto de vista informático, o Bemposto xestiona o idioma en que queremos que corrija a autocorrección do paquete Office, intercambiando normalmente as autocorreccións do castelán e do galego seguindo os pasos que sinala a axuda do programa.

Os requirimentos mínimos para o funcionamento do programa son os seguintes: computador Pentium II a 233 Mhz ou superior, 32 Mb de RAM e 15 Mb de espazo libres no disco duro, sistema operativo: Windows95/98, Windows NT ou Windows 2000 e ter instalada a versión 97 ou 2000 do MSOffice. A instalación do Bemposto está dispoñible en versión comprimida (700 Kb) no enderezo web: <http://www.galego.org>



Un novo servizo do concello de Miño

Un novo servizo de normalización lingüística nace para contribuír cunha areíña máis ao proceso de normalización do noso idioma. Desde o pasado mes de maio, o Concello de Miño conta cunha técnica de normalización lingüística entre o seu cadro de persoal.

O carácter do servizo é indefinido; polo de agora podedes atopalo os martes e os xoves de 8:30 a 15:00 horas no primeiro andar da Casa do Concello.

Como o tempo é limitado, o seu labor é principalmente o de tradución e corrección da documentación que xera a Administración local, ademais do asesoramento lingüístico que o persoal do concello solicita; pero contamos que no futuro teña a oportunidade de facer traballos e actividades para promover a nosa lingua entre os/as miñenses, nas que poidan tamén participar todas aquelas persoas que se acheguen a este fermoso municipio.

Parécenos unha boa ocasión para presentar o servizo aos compañeiros e ás compañeras doutros concellos, cos que nos gustaría idear proxectos en colaboración, e aos socios e ás socias da CTNL en xeral.

En definitiva, o que pretendemos é que saibades que o servizo está aberto ás suxestións e propostas que lle queirades achegar.

Para contactardes co servizo podedes chamar aos teléfonos 981 782 006/ 981 782 058, enviar unha mensaxe ao enderezo de correo electrónico do concello informatica@mino.dicoruna.es ou a través do fax 981 783 175.

Sonia Alonso Figueroa

Servizo de Normalización Lingüística do

Ordenanza municipal do concello de Melide

O Concello de Melide vén de aprobar unha ordenanza lingüística pola que se rexerá o uso do galego no dito concello. Presentada polo Equipo de Goberno municipal (PP), aprobada, en sesión plenaria, por maioría absoluta, pois todos os partidos votaron a prol, foi definida polo PP como un novo pulo para "normalizar e potenciar o uso da nosa lingua", cualificada polo BNG "como boa e progresista" e para a DG é "algo totalmente correcto e lóxico que se potencie o uso do noso idioma".

Duns seis anos para aquí, tempo que leva funcionando o SNL do Concello de Melide, a presenza do galego na Administración local melidá sufriu un cambio radical: de ser practicamente nulo o seu uso na escrita a converterse na lingua do concello por defecto.

Se ata o de agora boa parte das actuacións internas do Concello se viñan facendo en galego, a partir de agora o galego será a lingua a empregar de xeito normal en todas as dependencias municipais. Todos os expedientes administrativos e impresos estarán redactados en galego (se o cidadán os demandase formalmente en castelán, facilitaríase a súa tradución). Os documentos

públicos ou contractuais subscritos polo Concello tamén deberán de ir en galego, así como estudos, proxectos ou traballos que se encarguen a terceiros. As comunicacións formais dirixidas a institucións residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en galego e en bilingüe (galego-castelán) cando a institución sexa de fóra de Galicia. Só se utilizarán escritos bilingües para as administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego. Libros, revistas e, en xeral, todos os carteis e publicacións que edite o Concello, redactaranse en galego, así como as mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación galegos.

A Ordenanza tamén recolle o compromiso de impulsar campañas de sensibilización e dinamización lingüística dirixidas aos cidadáns, actuacións normalizadoras sen ambigüidades que favorezan gradualmente o emprego do galego en todos os ámbitos de uso no termo municipal de Melide.

O seguimento do cumprimento desta Ordenanza corresponderá á Comisión Informativa de Cultura do Concello, á cal se integrará o técnico responsable do SNL, que se reunirá alomenos unha vez ao ano.

Cos meus mellores desexos

Un ano máis continuando coa liña de normalización no sector do comercio, A Mesa pola Normalización Lingüística desenvolveu en doce concellos do país (A Estrada, Fene, Ferrol, Laxe, Lugo, O Barco de Valdeorras, O Rosal, Pontecures, Pontedeume, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo) unha nova campaña na que ademais de introducir o galego nun novo ámbito de uso é material útil para os nosos comerciantes.



A campaña consistiu na edición e distribución entre os comerciantes dunhas follas DIN-A4 que contiñan 20 etiquetas cada unha co texto "Este agasallo é para... Cos meus mellores desexos", o logotipo da Mesa e dos Concellos, para que os clientes puideran identificar con comodidade os paquetes co nome da persoa a que ían dirixidos e transmitir ademais a mensaxe no noso idioma.

SNL do Barco de Valdeorras

O Concello do Barco de Valdeorras contou entre o 28/11/2000 e o 4/01/2001 cun Servizo de Normalización Lingüística xestionado polo técnico Xabier Roo Abril que establecería unha orde de prioridades en canto ás metas e necesidades do concello.

O traballo desenvolveuse en dous planos, un interno, de carácter institucional, no que revisou, fixou e fomentou os usos lingüísticos da Cámara Municipal; e por outra parte, un plano externo, orientado ao conxunto da cidadanía do municipio e cun marcado interese por dinamizar a presenza pública do idioma galego na actividade cotiá de diferentes sectores da poboación.

O CONCELLO DE FERROL

O Concello de Ferrol conta xa co Consello Municipal da Lingua, órgano de participación cidadá para consulta, seguimento, información e proposta de xestión municipal na área lingüística. Tamén é de destacar a campaña de dinamización lingüística que desenvolveu en diferentes cibers da cidade para fomentar o uso do galego neste campo tan necesitado de usos na lingua propia.

Novas instalacións para o APNL e A Mesa

O Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística mudou de instalación a comezos de ano, agora podemos atopalos en:



R/ Galeras, 13-3º andar
(porta 3)
15705 Santiago de Compostela
Tlf: 981 564 765
Correo electrónico:
apnl@consellodacultura.org

O mesmo aconteceu con **A Mesa pola Normalización Lingüística**. Desde o pasado 1 de Xuño esta en:

Campo Cruceiro do Gaio, 7, 1º
15705 Santiago de Compostela
www.amesanl.org
amesa@amesanl.org

A liturxia en galego

O día 14 do pasado mes de marzo o arcebispo de Santiago de Compostela e o conselleiro de Educación presentan na sala Felipe Neri do mosteiro de san Martiño Pinario os libros litúrxicos en Galego, un repertorio esencial na vida pastoral cotiá, para toda a comunidade cristiá e para toda a sociedade porque contribúe á normalización do idioma nun ámbito no que hábito non facía o monxe, xa que o uso normal entre os membros da comunidade e os representantes eclesiásticos cinguíase ó achegamento persoal a través da comunicación na relación oral, arredándose del nas celebracións creando unha discriminación e unha diferenza entrambas situacións na vivencia da fe por parte dos fieis ó non lle dar continuidade nos actos litúrxicos á súa lingua habitual.

Desde tempo atrás xorden iniciativas, pequenos e significativos pasos que podemos lembrar como referencias na normalización do galego como lingua litúrxica-recólloos do citado informe do 87:

1961 Primeira misa en galego en Bos Aires

1964 Tradución ó galego: Evanxeos —Cantar dos Cantares—

1965 Primeira misa en galego dentro de Galicia (Padre Seixas)

1965 Aprobación da liturxia en castelán

1968 Traballos do Concilio Galego: autorización da homilia en galego, Publicacións e petición a Roma para o uso do galego.

1968 Edición do primeiro misal en galego

1969 Acadase a autorización para uso litúrxico do galego. O Consilium autoriza o uso do galego na liturxia

1971 Promoción musical: Salmos para a Nosa Terra e outras melodias

1975 Monseñor Araujo publica a pastoral A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega

1976 Xuntanza do Concilio de Galicia na Asemblea de xuño

1987 Aparece a edición galega do Misal Romano.

Os esforzos e as actitudes consolidaron unha necesidade cultural. As múltiples colaboracións e o traballo coordinado fixeron



realidade este proxecto - aínda quedan por publicar algúns textos do repertorio litúrxico: o Oficio de lecturas ó comezo do día - maitines; algún ritual como o da Unción e Pastoral de Enfermos; o ritual de Penitencia; o de actos especiais, bendicións, etc.

D. Elisardo Temperán provicario e director do arquivo diocesano coordina desde hai uns anos esta actividade de reincorporación do galego á liturxia. Un traballo sobre moitos textos e con moitas persoas implicadas seguindo un esquema de traballo básico: A tradución dos textos—feita polo persoal da igrexa— por citar algunhas delas, por exemplo, as traducións da Biblia, de Chao Rego e de Torres Queiruga; as traducións de Fernández Lago, coengo e profesor do Instituto Teolóxico: as do franciscano Santiago Agrelo; as do irmán Reboiras do colexio La Salle ou as de Xulio Andión en Vigo, entre outros, e logo a corrección e revisión que vén facendo o Iglu ou o centro Ramón Piñeiro. Se citamos nomes propios só salienta-la colaboración da revisión dos himnos que fixo Filgueira Valverde.

A recuperación do galego como lingua da liturxia abre unha nova xeira que debe aseguralo emprego do noso idioma en todos os rituais e actos de culto. Un feito que é competencia dos bispos, e que, deste xeito, asumen o compromiso de normalizalo uso do idioma no ámbito da Igrexa Católica como un vehículo normal de comunicación e de celebración.

Relación de libros litúrxicos galegos publicados

1. A oración dos fieis (Editorial Regina)
2. A Santa Misa (tríptico para os fieis cos respostas da misa)
3. Bendito o Señor por sempre –
Celebracións e oracións para o Ano Santo
4. Cantoral Litúrxico Galego – Casetes
5. Cantoral Litúrxico Galego – Libro de partituras
6. Cantoral Litúrxico Galego – Libro de letras
7. Cantoral para a celebración de exequias
8. Directorio e Ritual para os ministros extraordinarios da Comunión
9. Leccionario I – Ano A – Domingos e festas do Señor
10. Leccionario I – Ano B – Domingos e festas do Señor
11. Leccionario I – Ano C – Domingos e festas do Señor
12. Leccionario II – Feiras do Tempo ordinario
13. Leccionario II – Propio do Tempo
14. Liturxia das Horas – Diurnal
15. Misal Romano – Propio das dióceses de Galicia
16. Misal Romano - Texto con música
17. Misal Romano – Texto con música (en pel)
18. Ritual de Confirmación
19. Ritual das Ordenacións
20. Ritual de exequias
21. Ritual do Bautismo de nenos
22. Ritual do Matrimonio
23. Ritual para os ministerios do Lector e o Acólito

¿Xogas?

Programa de dinamización lingüística para nenas e nenos de 0 a 6 anos.

Os concellos de Pontevedra e Vigo e mais o colectivo Nais e País polo Ensino en Galego, vinculado á Mesa pola Normalización Lingüística, veñen de desenvolver un novidoso plan de cooperación para promover o uso da nosa lingua entre os máis pequenos.

Ante a preocupación común pola perda da lingua galega que a poboación infantil está a sufrir nas cidades, as tres entidades artellaron unha serie de actividades dirixidas a promover e facilitar o uso do noso idioma entre os máis cativos, pero tamén a estimular unha actitude lingüística positiva nas nais, nos pais e na sociedade en xeral.

¿Xogas? naceu co obxectivo de loitar contra o uso esmagador da lingua castelá nas relacións dos cativos fóra do ámbito familiar. Tanto en Vigo coma en Pontevedra adóitase obser-

var como mesmo aqueles nenos galego falantes empregan maioritariamente o castelán como lingua de relación nos parques infantís e nas escolas. Dende o 23 de marzo e ata o 1 de xuño, todos os venres ás seis da tarde, os miúdos, de 0 a 6 anos, tiñan unha cita diferente cada semana, para xogar, escoitar contos, cancións e participaren activamente en diferentes obradoiros, na súa cidade e en galego.

O programa foi un éxito de colaboración entre os dous concellos e o colectivo Nais e País polo Ensino en Galego. Contou coa participación de Paula Carballera e do colectivo "Faíscas" como contadores de contos nos que moitas veces os pequenos eran os protagonistas; do dúo Migallas, que foron quen de mesturar a acción dramática coas cancións, conseguindo tamén que os nenos



cantasen con eles; do colectivo Cabezos, que desenvolveron xogos cooperativos ao aire libre, e obradoiros de pintura e xogos; e de Rivel Animación, quen se encargaron da imaxinativa e completa festa final, que pechou o programa na praza do Rei de Vigo, e na praza da Pedreira de Pontevedra.

As actividades artelláronse en venres sucesivos: primeiro en Vigo, con seis sesións que foron do 23 de marzo ao 4 de maio; e despois en Pontevedra, con cinco tardes de venres, dende o 4 de maio ata o 1 de xuño. A colaboración entre as tres entidades permitiu deseñar un programa conxunto que se repetiu en ambas as cidades, e no que as actividades foron coordinadas de tal xeito que permitían asistir primeiro ás de Vigo e despois ás de Pontevedra; co que se rendibilizaron ao máximo os investimentos de ambos os concellos. Outra característica do programa foi a súa itinerancia polos espazos das cidades: ao non estar cinguido a un único lugar, facilitouse por unha banda a descentralización das actividades, e pola outra a busca dos espazos máis axeitados para cada unha das sesións.

Guía da lingua galega. Centros e servicios

Xa está na rúa a *Guía da lingua galega. Centros e servicios*. Este informe, elaborado polo **Arquivo de Panificación e Normalización Lingüística** do Consello da Cultura Galega, achega datos coma a localización, teléfono, enderezo electrónico ou o web de todos os centros e organizacións relacionados coa normalización e difusión da lingua galega, tanto de Galicia coma do exterior. Así mesmo, inclúe información sobre o tipo de actividades que os servicios de normalización lingüística dos concellos lle ofertan ó público. Deste xeito, ponse ó alcance de especialistas, estudiosos e, en xeral, de todas aquelas persoas que estean a traballar na planificación e normalización do noso idioma ou interesadas na sociolingüística galega, o que pretende ser unha ferramenta útil de traballo neste eido.

A *Guía da lingua galega* estruturárase nestes seis apartados, nos que os diferentes centros se atoparán presentados por orde alfabética:

Centros de referencia: neste apartado achéganse datos de organismos ou institucións que desenvolven actividades relacionadas coa normalización e difusión da lingua no ámbito galego.

Ensino da lingua: aquí recóllense os centros de ensino universitario e centros de ensino non regrado para adultos que poden ofrecerlle asesoramento ás persoas que traballen na dinamización e normalización do noso idioma.

Servicios lingüísticos: onde se recollen todos aqueles servicios que desenvolven habitualmente actividades de dinamización, formación ou asesoramento lingüístico ordeados segundo o nome do organismo ou entidade á que pertencen.

Asociacións: ofrécense os datos das entidades asociativas que desenvolven un traballo específico en prol da normalización lingüística en Galicia.

Centros de estudos galegos no exterior: datos dos centros de estudio no estranxeiro que inclúen o estudio do galego na súa oferta académica.

Centros de referencia de ámbito internacional: neste apartado faise referencia a outros centros que traballan a prol da planificación e normalización doutras linguas minoritarias a nivel internacional.



Da periferia á rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos


Daniel Romero e Isabel Vaquero
Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001, 419 páxinas.

O libro está dividido en doce bloques precedidos dun "Limiar" e rematados por unha "Coda": comeza introducindo aos lectores na rede e o que supón a súa normalización nunha sociedade cada vez máis cambiante; como ponte ao que será a cerna da súa análise fan unha exposición da importancia das políticas públicas na sociedade da información para de seguido analizar por bloques a súa realidade en Galiza e nos diferentes sectores sociais (administracións públicas, ensino non universitario, universidades, ámbito económico, ...) tendo a lingua e os seus contidos como pano de fondo.

Todas as persoas que queiramos un futuro con lingua propia para este país e, especialmente, aquelas que somos traballadoras da lingua ou preocupadas polo seu porvir non podemos ficar indiferentes

despois da lectura deste libro, xa que daquela, seríamos cómplices desa "morte fría" da que Daniel Romero e Isabel Vaquero advirten parafraseando á profesora Margarita Ledo Andión, polo que só nos queda a alternativa de chegar e construír propostas de futuro dende os diferentes lugares que ocupamos na nosa sociedade por ser o idioma galego "a manifestación da nosa cultura, a expresión dos nosos valores, da nosa visión do mundo e da nosa situación nel".

Como novidade extraeditorial para actualizarmos o libro contamos co sitio web <http://www.galego21.org/nos/redada/> que os propios autores manteñen para dar a coñecer de xeito actualizado a situación que vivimos no día a día nos diferentes aspectos tratados no manual.



O proxecto Toponimia De Galicia

Dentro dos proxectos que desenvolve SITGA, área de cartografía da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal, encóntrase o *Proxecto Toponimia de Galicia* que, promovido pola Comisión de Toponimia da Consellería de Presidencia, ten como cometido recoller, ordenar, conservar, protexer e difundir o amplo patrimonio lingüístico e cultural que supón a toponimia galega, incluída a microtoponimia. Este proxecto, que comezou o ano pasado con bolseiros, consolídase este ano con catro técnicos de campo e dous técnicos de gabinete e, o que é máis importante, coa vontade de desenvolver un traballo exhaustivo, funcional e no que participen todas as persoas e organismos que estean interesadas.

O proxecto é un plan de intervención para recolleita de toda a toponimia do territorio, ordenada nun gran banco de datos toponímico que permita a súa aplicación práctica por xeógrafos, lingüistas, Sistemas de Información Xeográfica, administracións, empresas, etc. Este cometido supón que a recolleita toponimia debe atender a dous planos paralelos aínda que claramente relacionados: o plano lingüístico e o plano xeográfico, imprescindibles para a correcta conservación e protección deste patrimonio que, debido ós cambios económicos e estruturais da poboación nos últimos anos, sofre un serio perigo de desaparición.

O traballo desenvólvese utilizando mapas topográficos e, fundamentalmente, fotografías aéreas; prevese un uso de 2000 fotografías para unha recolleita que anda arredor dos 3 millóns de topónimos. Como fontes de consulta inmediata trabállase coa documentación do catastro, da concentración

parcelaria e os mapas de urbanismo dos concellos.

Na posta en práctica deste proxecto, con toda a súa problemática de codificación lingüística e xeográfica, a colaboración cos concellos adquire relevancia no desenvolvemento do traballo de recolleita e de normalización; por unha banda é a administración máis próxima territorialmente e con incidencia e coñecemento da realidade social e humana, por outra, é a que máis se preocupa pola ordenación e difusión do territorio e ten competencias para aplicar a legislación en materia de toponimia.


A fórmula de colaboración cos concellos, e polo tanto cos SNL, pode ser variada, igual cós recursos dos que se dispón; sen embargo preténdese chegar a acordos que faciliten o máis posible o traballo no territorio co obxectivo de obter resultados nun período de tempo relativamente breve. Cómpre destacar a importancia, e mesmo a rendibilidade, dun traballo de recolleita e normalización de toda a toponimia dun concello, ordenada e situada xeograficamente para utilizar en calquera tipo de mapa ou fotografía aérea, no catastro, en urbanismo, en traballos e publicacións de características culturais ou educativas, lingüísticas, etnografías ou turísticas

Desde esta perspectiva teñen importancia os SNL, supoñen unha porta de acceso para a introdución no territorio e a planificación das actuacións, ademais de constituíren centros de coordinación e de desenvolvemento de equipos de traballo que co-dirixan a recolleita e procuren informantes de calidade. Neste sentido o propio traballo convértese nunha intervención normalizadora, que aglutina á sociedade civil e

estrutura á poboación en algo tan seu como son os lugares onde desenvolven a súa vida e a súa cultura.

O *Proxecto Toponimia de Galicia* ten un enorme traballo por diante, pero é un proxecto ambicioso que quere facer participes todas as institucións, colectivos e persoas que estean dispostos a colaborar para sacar adiante este traballo no período máis breve posible de tempo. Debemos ter en conta que, na actualidade, a perda de nomes xeográficos é constante e vai crecendo segundo se van deixando as terras, principalmente no que respecta á toponimia menor. Poderíamos dicir, sen medo a equivocarnos, que con cada vello que morre desaparece algún topónimo; esperemos que con este proxecto esta situación se corrixa para sempre.

Xosé Otero



M

Curso básico de introducción ó uso da Internet nos SNL/SL

(Profesorado:
Isabel Vaquero e Daniel Romero)

O pasado 16 de decembro, despois de seis aproveitadas xornadas de traballo, rematou o curso sobre o uso da Internet nos SNL/SL organizado pola CTNL co apoio do Departamento de Filoloxía Galega da USC e impartido polos técnicos en normalización lingüística Isabel Vaquero e Daniel Romero <http://www.galego21.org/inos/redadali+d.htm>

O contido do curso pretendía preparar a traballadoras e traballadores de SNL/SL e outros profesionais relacionados coa normalización lingüística:

- Na utilización da Rede para procurar, consultar e compartir información.
- No dominio do uso do correo electrónico.
- No coñecemento dos recursos máis importantes que podemos encontrar na Rede para o noso traballo diario.

O curso comezou cunha introdución totalmente teórica: a historia de Internet dende a súa orixe ata a chegada aos cibers das nosas vilas e cidades, a exposición de conceptos básicos e o fornecemento da terminoloxía que permite un mellor movemento polo mundo da informática, ...; tamén tocamos cuestións máis técnicas como: os elementos que precisamos para realizar unha conexión a internet, a configuración dun monitor e un modem e a familiarización coas pequenas trampas que nos tenden as grandes empresas que monopolizan o negocio. Cuestión teóricas máis que xustificadas por ser preciso mostrar aos aprendices a orixe do que pode ser unha posíbel ferramenta para o seu traballo diario.

Na seguintes sesións xa se entrou no miolo do curso: empezar a navegar e coñecer algunhas das aplicacións de Internet de forma que das múltiples utilidades se aprendera a traballar coas máis comúns (a World Wide Web, o correo electrónico, o

sistema de transferencia de ficheiros (FTP), o acceso remoto ou Telnet, etcétera. Ademais ensináronnos a traballar co navegador presentando as diferentes barras do XIS de forma que poidamos traballar cos menús e as diferentes opcións que ten (arquivo, editar, ver, ir, Xis/Communicator), mostrando os diferentes problemas que nos pode dar unha conexión con erros (da conexión, do usuario e do servidor).

No ecuador do curso traballamos co correo electrónico e coñecemos toda unha serie de recursos que nos permiten tirar del diferentes aplicacións (roldas, grupos de novas, charlas, e algunha outra) e rentabilizar o manexo doutros programas (entre eles o WinZip).

A sesión dos buscadores resultou ser unha das máis complexas aínda que moi útiles para o desenvolvemento do noso traballo diario. A complexidade xurdía entre outras cousas polo volume de traballo e rigorosidade metodolóxica coa que tivemos que manexar os diferentes operadores. Recorremos a diferentes tipos de buscadores cunha tipoloxía claramente diferenciada que resultaban relevantes segundo as bases de datos:

- Pola tipoloxía:
 - Temáticos
 - Automáticos
- Polo número:
 - Buscadores
 - Metabuscadores
- Polos contidos:
 - Lingüísticos
 - Xeográficos
 - Etnográficos
 - Especializados

Na última sesión faláronnos da rede como medio transversal e a importancia da incorporación das TIC a calquera organización. A rede ten unha dobre dimensión:

- Medio de comunicación de masas: un bo aproveitamento reduce as cargas administrativas, pon a disposición do cidadán a información en tempo real permitindo interaccionar directamente entre eles, ...

- Ferramenta de traballo interno: aforro de custos, compartir recursos, ...

Para mellorar a integración da organización ás TIC e mellor operatividade do seu sitio web debemos ter en conta os contidos que esta vai xerar nel, as necesidades dos cidadáns e dos potenciais usuarios e o correcto deseño da súa estratexia lingüística. A estruturación correcta e unha política lingüística axeitada permitirá que nos diriximos aos usuarios sen desatender ningunha necesidade.

Valoración do curso

As valoracións realizadas polos participantes do curso resultaron moi positivas sendo este o curso mellor valorado dos ata agora realizados pola CTNL (4,45 sobre 5).

• Sesións	4,25
• Apuntamentos	4,56
• Medios	4,11
• Profesorado	4,47
• Programa	4,69
• Utilidade	4,62

Segundo os xuízos emitidos o curso respondeu ás expectativas de todos nós e mesmo sobrepasou as dalgunha persoa, agora só cómpre rentabilizar os coñecementos adqui-

Melloramos a comunicación na CTNL



Intentando mellorar a comunicación cos socios e socias, a CTNL pon á vosa disposición novos teléfonos de contacto, correo electrónico e páxina web, esta última á espera de actualizar contidos:

1. Teléfono 1, xeral (Presidente): 629 571 950
2. Teléfono 2 (Secretaría): 620 961 866
3. Teléfono 3 (Tesoureiro): 620 961 865
4. Correo electrónico de contacto: info@ctnl.org

<http://www.ctnl.org>

dependendo das necesidades concretas.

Publicación subvencionada pola